

**ACTA DA SESIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, DIRECCIÓN DA OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA CÁRCEL DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO (Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antigo Cárcere)**

Sendo as 10:15 horas do día 7 de agosto de 2009, constitúese o xurado do concurso de proxectos para a “Redacción do proxecto, dirección da obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da antiga cárcere do partido xudicial de Lugo”, presidido pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde do Concello de Lugo e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García e acutando como membros do mesmo Ilmo Sr don Xosé María Arias Fernández, como representante da Deputación Provincial de Lugo, dona Sofía López Linares como representante do Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abreira Sobrado como representante do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona María Novo Pena, Delegada da área de urbanismo do Concello de Lugo, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello de Lugo, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello de Lugo, don Ramón Álvarez Hernansanz como arquitecto representante de Caixa Galicia, don Pastor Ferreiros Carreira como arquitecto adscrito á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, don José González-Cebrián Tello, arquitecto designado pola Universidade da Coruña, dona Laura Campoy Vázquez, arquitecta municipal, don Ángel Riva Cabanas, arquitecto municipal e dona Blanca Cañal, directora do proxecto URBAN do Concello de Lugo. Actúa como secretario do xurado don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello de Lugo.

Abre a sesión a Sra Presidenta do xurado e procédese a dar conta ós integrantes por parte do secretario do resultado do prazo concedido ós diversos participantes para a subsanación de erros na súa documentación. Así ponse de manifesto que dos vinte e sete participantes e tras ese prazo, sete non completaron a súa documentación:

- JOSÉ MANUEL CASABELLA: non aporta copia compulsada da titulación do arquitecto técnico do seu equipo.

- JUNQUERA ARQUITECTOS S.L.P: non aporta título habilitante profesional dos membros do seu equipo e especialmente do arquitecto técnico e non aporta copia compulsada da documentación do título habilitante.
- SANTIAGO CATALÁN TOBÍA: non acredita a solvencia económica e no aporta titulación habilitante de arquitecto técnico do seu equipo.
- GECSA INGENIERÍA Y OBRAS S.A: non aporta bastateo do poder, declaración de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo, titulación habilitante do arquitecto técnico do equipo e copia compulsada da documentación relativa á solvencia técnica.
- SILVIA CRESPO NOMEN: non aporta documentación acreditativa da capacidade e solvencia e non presenta a documentación traducida.
- JOAO ALVARO ROCHA ARQUITECTOS S.A: non aporta a titulación habilitante de arquitecto técnico do equipo.
- STUDIO 63: non aporta a titulación habilitante de arquitecto técnico do equipo.

Así mesmo, ponse de manifesto por parte do arquitecto municipal don Ángel Riva Cabana que as solicitudes de JOSE MANUEL CASABELLA, GAU ARQUITECTURA E URBANISMO, ESPINOSA DE LOS MONTEROS Y ARQUITECTOS ASOCIADOS, JOAO ALVARO ROCHA ARQUITECTOS S.A e CARLOS J. MERI CUCART non acreditan na súa solicitude traballos profesionais que cumpran os requisitos establecidos na base 9.1 B.4, polo que non deben ser obxecto de avaliación por non acadar a puntuación mínima, circunstancia que tras as comprobacións oportunas e ratificada polos membros do xurado.

Acórdase polo tanto por parte do xurado e tras diversas apreciacións sobre o teor literal das bases que rexen o concurso, a exclusión de tódalas solicitudes que non presentan correctamente a documentación administrativa, esto é:.

- JOSÉ MANUEL CASABELLA
- JUNQUERA ARQUITECTOS S.L.P
- SANTIAGO CATALÁN TOBÍA.
- GECSA INGENIERÍA Y OBRAS S.A
- SILVIA CRESPO NOMEN

- JOAO ALVARO ROCHA ARQUITECTOS S.A
- STUDIO 63

Igualmente acórdase non avaliar as solicitudes presentadas por GAU ARQUITECTURA E URBANISMO, ESPINOSA DE LOS MONTEROS Y ARQUITECTOS ASOCIADOS e CARLOS J. MERI CUCART por non acreditar na súa solicitude traballos profesionais que cumpran os requisitos establecidos na base 9.1 B.4 e non acadar a puntuación mínima.

A continuación os membros do xurado comezan coa deliberación sobre a puntuación de cada un dos equipos presentados que son admitidos ó concurso. Tómasse como referencia un borrador de puntuación elaborado polos arquitectos do xurado trala anterior sesión. Tras comprobar a orde resultante da proposta de puntuación presentada decídese proceder a revisar vairas solicitudes de participantes. Tras as comprobacións oportunas prodúcese algunha intervención dos arquitectos membros do xurado, en relación co xeito de puntuar o apartado relativo á calidade arquitectónica (60 puntos). Unha vez debatida a cuestión, acórdase realizar catro grupos de puntuacións nese apartado en función da calidade arquitectónica da obra dos participantes. Tras realizar de novo a puntuación, a orde final dos participantes é a seguinte:

1. IGNACIO MENDARO CORSINI: 142 puntos.
2. CREUSE CARRASCO ARQUITECTOS S.L.P: 116 puntos.
3. ALFREDO FREIXEDO ALEMPARTE: 110 puntos.
4. JOSÉ LUIS PEREIRO ALONSO: 107,6 puntos.
5. ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ: 100 puntos.
6. DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS S.L.P: 98 puntos.
7. VIER ARQUITECTOS S.L: 97,2 puntos.
8. HORACIO FERNÁNDEZ DEL CASTILLO: 92 puntos.
9. RAFAEL ESPINOSA AZOFRA: 86 puntos.
10. DOPI ARQUITECTOS ASOCIADOS S.L.P: 76 puntos.
11. FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS, SLP: 74 puntos.
12. JAIME L. LORENZO SAIZ-CALLEJA: 74 puntos.
13. ARA ARQUITECTOS: 68 puntos.
14. GRAÍÑO NIETO ARQUITECTOS: 60 puntos.
15. MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ: 44 puntos.
16. CLOTHOS - TÉCNICOS EDIFICACIÓN: 32 puntos.
17. JTS BROWN CERCOS ASOCIADOS: 30 puntos.

O xurado acorda polo tanto, por unanimidade e á vista da puntuación obtida polos participantes, propoñer a selección e convidar a presentar proposta de anteproxectos na segunda fase ós participantes IGNACIO MENDARO CORSINI, CREUSE CARRASCO ARQUITECTOS S.L.P, ALFREDO FREIXEDO ALEMPARTE, JOSÉ LUIS PEREIRO ALONSO e ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ. Acórdase igualmente que o borrador da acta do concurso sexa enviada a tódolos membros do xurado para o seu coñecemento e, de non manifestar oposición ós terminos da mesma, sexa asinada pola sra Presidenta e o sr Secretario do xurado para a súa publicación segundo as bases, sendo asinada igualmente por tódolos membros na seguinte sesión do xurado.

Sen mais que manifestar conclúe a sesión ás 12:35 horas.

A PRESIDENTA DO XURADO

O SECRETARIO DO XURADO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz